

# O QUE PASABA EN 1999

## NO MUNDO:



Tras un referendo, Indonesia acepta a independencia de Timor Leste.

As tropas da OTAN derrotan a Serbia en Kosovo.

Varios terremotos asolan o territorio turco.

En cumprimento do tratado Carter-Torrijos de 1977, Estados Unidos entrega o Canal de Panamá.


Portugal devolve a China a península de Macao e desaparece a presenza europea en Asia.

Nace o euro e refórmase a Comisión Europea.

Bertrand Piccard e Brian Jones conseguen por primeira vez dar a volta ao mundo en globo sen escalas.

O 11 de agosto prodúcese o último eclipse de sol total do século.

## EN GALICIA:




Os pactos BNG-PSOE dan as alcaldías a estas forzas en seis das sete grandes cidades galegas.

Amancio Ortega, presidente de Inditex (Zara) sae do seu anonimato.

Lei do Audiovisual de Galicia.

Xosé Cid Cabido publica "Grupo abeliano".

O día das letras é adicado a Roberto Blanco Torres.



## EN ESPAÑA:



Final da tregua de ETA, tras catorce meses de alto o fogo.

Alex Crivillé convértese no primeiro español campión do mundo de motociclismo na cilindrada de 500 cc.


Un xuíz destitúe a Jesús Gil como presidente do Atlético de Madrid e ordena a intervención xudicial do clube.

Barrionuevo e Vera saen de prisión ao suspender o Constitucional a execución das súas cadeas.

A mesa de Herri Batasuna é posta en liberdade.

Morre o poeta Rafael Alberti aos 96 anos de idade.

## EN ELVIÑA:



### Curso 99-00

O grupo Sardiña estreou "Anfitrión" e a EATP de Teatro "O soño das cidades" e "A venganza de Dn. Mendo" (gañou o premio de Teatro Escolar categoría xuvenil).

Os alumnos de C.O.U. correu este ano a cargo de D. Xesús

Rodríguez Xares.

Conferencia do xornalista D. Manuel Guisande, que falou sobre o xornalismo en "La Voz de Galicia".

Visita a Sogarisa dos alumnos de 4º E.S.O. de Tecnoloxía e Medio Ambiente.

Noelia Grandal Vila gañou o 1º premio de poesía "Ánxel Casal", cun traballo titulado Versos Anelados.

Participamos no programa deportivo municipal "Descubrir o xogo", con escolas deportivas en voleibol.

Un reloxo de sol pasou a presidir a fachada principal do Instituto.

Campaña "lazos brancos" contra a violencia de xénero.

